


CEIP de CELEIRO VIVEIRO (LUGO)

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

“AO ABEIRO DOS NOSOS MONTES”



COORDINADO POLA BIBLIOTECA DO CENTRO: “BIBLIOSOÑOS”

Blog da Biblioteca:

[http://pedrosalatas.blogspot.com/es/](http://pedrosalatas.blogspot.com.es/)

Páxina Sites do Proxecto:

<https://sites.google.com/site/arredordosnososmontes/>

- a.- **INTRODUCCIÓN**
- b.- **OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS**
- c.- **BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA**
- d.- **DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO**
- e.- **RELACIÓN DAS TAREFAS MAIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.**
- f.- **RECURSOS UTILIZADOS**
- g.- **IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA**
- h.- **DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA**
- i.- **AVALIACIÓN EN RELACIÓN ÁS COMPETENCIAS...**
- j.- **FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR**

a. INTRODUCCIÓN

A Biblioteca do noso centro pertence ao PLAMBE dende o ano 2009 e pouco a pouco foise convertendo no eixo vertebrador das múltiples experiencias levadas a cabo no centro: Formación de Usuarios, Mochilas Viaxeiras, Libros que van e veñen, Apadriñamentos Lectores, Actividades Complementarias, Celebracións, Proxectos Integrados de Dinamización, Proxectos Documentais e todo queda recollido por cursos na nosa web.

Alumnado e profesorado participante

O proxecto foi levado a cabo por todo o profesorado do centro (18 mestras e mestres) tanto nas titorías como nas especialidades, polo que repercutiu na totalidade do alumnado (150 nenas e nenos de Infantil e Primaria).

Calendario para as tarefas previstas

Este proxecto foi pensado para ser levado a cabo durante todo o curso.

b.- OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS

Dado que o ano anterior traballamos “Viveiro, o noso Concello”, este ano decidimos continuar afondando no coñecemento dos montes que arrodean o Concello que son un bo número e moi coñecidos por diferentes motivos.

O noso centro está situado nunha paraxe moi acolledora, pois trátase da ría de Viveiro, un val recollido entre 15 colinas, con altas montañas, de onde de estar ao nivel do mar; en apenas 5 quilómetros elevámonos a unha altitude de 353 metros no Monte de San Roque; tras este aparece o Penedo do Galo, cunhas vistas de 545 m de altura; detrás da praia de Covas a apenas uns 6 km, érguese o pico da Silvarosa, a 471 m; facendo 10 km cara a parroquia de Chavín, temos o monte Castelo, que sobe ata os 537m sobre o nivel do mar, e a uns escasos 25 km en coche, chegamos ao porto de montaña da Gañidoira que ten unha altitude de 720 metros (no concello de Muras); polo que podemos dicir que a ría de Viveiro, e o concello en si, está totalmente rodeado de grandes montes que fan que teñamos unha climatoloxía e natureza diferentes ao resto de Galicia.

Por outra banda, estes montes están sendo empregados para a produción de madeira, que serve para abastecer a planta de Ence en Navia, para a fabricación de celulosa, fonte importante de ingresos para as xentes de toda a Mariña en xeral, o que fai que a paisaxe diste un pouco da tradicional paisaxe galega que podemos ver no interior da nosa comunidade autónoma; xestionado pola comunidades de montes de Viveiro; que a súa vez, tamén xestiona a pequena reserva natural na que tanto as diferentes especies animais como as árbores están protexidas.

Se seguimos a falar do aproveitamento do solo, debemos dicir que tamén é utilizado para a explotación gandeira e agrícola (sendo ambos sectores os menos abundantes); que houbo explotación mineira na Silvarosa (ferro), e a

mina extracción de turba de onde se segue a quitar carbón natural; como fonte de enerxías renovables, xa que nesta zona atopamos grandes parques eólicos; e por último salientar que tamén son utilizados para a realización de actividades deportivas recoñecidas a nivel nacional como A CAMOVI (carreira de montaña Montes de Viveiro); a parte de ofertar rutas para facer sendeirismo, ou moverse por eles en bicicleta, ou ben onde atopar miradoiros para poder tomar unha boa panorámica do Concello de Viveiro abríndose cara o Mar Cantábrico; e xa para rematar, estes montes son tamén lugar de encontro para as xentes do lugar onde

celebran diferentes romarías e conmemoracións, algunha de moito interese turístico como son a Rapa das Bestas no monte Candaoso ou ben as peregrinación ao Monte Castelo e o Monte San Roque.

Todos estes motivos son mais que suficientes para que este ano traballáramos no proxecto “Ao abeiro dos nosos montes” para coñecer a contorna deste Concello da Mariña lucense.

Cada profesor/a deu o seu enfoque persoal que lle permitiu integralo na didáctica da súa aula. O obxectivo principal foi que os traballos que se preparasen fosen curriculares e formaran parte do traballo avaliable de cada aula. Nesa medida, cada titor/a adaptou as propostas ao seu estilo didáctico e a súa programación de aula. A biblioteca Escolar achegou os recursos necesarios para levar adiante todas as propostas tendo en conta tamén as diferentes conmemoracións e celebracións ao longo do curso e coordinou a planificación e desenvolvemento das mesmas, así como a súa divulgación.

c.- BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Na primeira reunión do equipo da biblioteca e dinamización da lingua galega (levamos moitos anos traballando conxuntamente) deseñamos as liñas principais de tarefas e actividades para logo concretar nas reunións de nivel e de claustro.

O tema de estudo foron os montes que nos arrodean e todo o que nel podemos atopar: vexetación, solo, animais, industria, ocio, tradicións... e así redactamos os seguintes obxectivos a levar a cabo:

- Coñecer a nosa contorna.
- Coñecer os aspectos socio-económicos da zona.
- Recoñecer as especies arbóreas da contorna.
- Diferenciar entres especies autóctonas e invasoras.
- Distinguir os diferentes ecosistemas do lugar onde vivimos.
- Coñecer as actividades deportivas e lúdico-festivas que se celebran nos nosos montes.
- Fomentar a conservación do medio ambiente.
- Aproximar ó coñecemento das enerxías renovables e non renovables.

- Estudarmos sobre o impacto da climatoloxía no medio ambiente.
- Valorarmos a contribución da natureza ao ser humano.
- Fomentarmos hábitos para o coidado e mantemento do medio ambiente.
- Realizarmos actividades de semente, mantemento e recollida de froitos e produtos no horto escolar.

d.- DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

Durante o curso, a biblioteca, foi aportando información recollida a través dos libros de consulta e da internet para poder ter unha referencia para os diferentes traballos e actividades. Elaboráronse folletos informativos, vídeos, mercamos libros relacionados co tema e promocionamos os que xa tiñamos na biblioteca. Toda a documentación foi publicada a través do blog e das páxinas especiais que creamos tal e como se pode ver na [SITES do Proxecto](#).

e.- RELACIÓN DAS TAREFAS MAIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.

Comezamos na Biblioteca cunha Formación de Usuarios por niveis explicando o tema sobre o que iamos traballar, onde podían atopar a información necesaria e onde quedarían recollidas todos os traballos e actividades.

Expuxemos libros e materiais para poder despois levalos ás aulas. Visualizamos vídeos informativos para contribuír a unha maior sensibilización e interiorización do tema.

Elaboramos información especial que quedou recollida na SITES:

[MAPA INTERACTIVO MIRADOIRO DE SAN ROQUE \(VIVEIRO\)](#)

[MAPA INTERACTIVO MONTE CASTELO \(LANDROVE\)](#)

[MAPA INTERACTIVO A RAPA DAS BESTAS DE CANDAOSO \(BOIMENTE\)](#)

[MAPA TOPOGRÁFICO DO CONCELLO DE VIVEIRO](#)

[WEB DA COMUNIDADE DE MONTES SAN ROQUE](#)



VÍDEOS SOBRE O PROXECTO

Creamos una lista de reprodución dentro do noso Canal YOUTUBE onde recollemos todas as nosas producións, un total de 11 vídeos sobre o Proxecto.

AS NOSAS ACTIVIDADES

DOCUMENTACIÓN-INTRODUCCIÓN



O alumnado de 3º e 4º curso realizaron un mural con todos os nomes dos montes que arrodean o noso Concello. Buscaron información da súa situación, vertente e as actividades que neles se realizan.

CLASES INFORMATIVAS

Durante as dúas primeiras semanas do mes de abril recibimos a visita de **Roberto Cabo, Marcos Besada e Carlos Méndez**, para ofrecer ao noso alumnado información máis específica de temas relacionados co proxecto "**Ao abeiro dos nosos montes**".



INFANTIL

Marcos Besada (Enxeñeiro Agrícola) estivo co alumnado de Infantil e a súa charla estivo relacionada coas árbores.

Foi unha clase moi participativa pois a través de preguntas o alumnado ía dando a información aprendida nas diferentes aulas.

Descubriron que saben o nome de moitas árbores, as súas diferentes partes, aprenderon a elaborar unha ficha para ir catalogando as mesmas e ata descubriron como se pode medir unha árbore cun pequeno lapis.

A clase rematou facendo unha visita ás diferentes árbores do colexio...



CHARLA INFORMATIVA PARA 1º E 2º CURSO

Seguindo coas actividades programadas dentro do proxecto "Ao abeiro dos nosos montes", na mañá do mércores, 10 de abril, tiveron a posibilidade de escoitar a Marcos Besada que lles aportou moita información sobre a Flora e Fauna e dos diversos ecosistemas dos montes galegos e especialmente dos de Viveiro.

Tamén lles deu información sobre como observar os rastrexos da fauna salvaxe dos nosos montes.

Ensinoulles unha páxina con moita información sobre a **Fauna e Flora de Galicia**.



CHARLA INFORMATIVA PARA 3º E 4º CURSO

Carlos Méndez (Presidente da Comunidade de Montes San Roque) estivo co alumnado de 3º e 4º curso e faloulles da xestión desta comunidade de montes, da súa historia, da extensión dos terreos que a conforman, da xestión económica, da nova zona recreativa e das diversas especies que hai nestes montes.

CHARLA INFORMATIVA PARA 5º E 6º CURSO

A charla de Roberto Cabo (Enxeñeiro de Montes) para o alumnado de 5º e 6º curso estivo relacionada cos diferentes tipos de montes, a xestión económica... e a interpretación de planos.



O TRABALLO DE INFANTIL (Árbores)



Nas aulas estudaron distintos aspectos das plantas e árbores:

- como seres vivos
- as súas partes e as funcións que desempeñan
- o seu ciclo vital...

Tamén investigaron sobre como coidar os bosques, xa que descubriron a importancia que teñen as árbores para a nosa vida.

Trataron de representar esta información de xeito diferente con despleables, rodas, libriños...

Cada aula elixiu unha árbore das que medran ao redor do colexio para estudala máis polo miúdo.

Na aula de 3 anos traballaron o acivro, a aula de 4 anos investigou sobre a moreira e na aula de 6 anos elixiron a pereira, o castiñeiro, o carballo e o piñeiro.

Quedou un mural moi completo e para explicalo realizaron un vídeo.

TRABALLOS DE INFANTIL (Música e Poesía)

Para celebrar o Día da Árbore e da Poesía o alumnado de Infantil traballaron dous poemas que deixaron recollidos nun vídeo especial.

- "**Verdes, Verdes**" con debuxos feitos polo alumnado de 6º Infantil e cantado polo alumnado de 2º curso.
- "**TOC, TIC, TOC**" con debuxos feitos polo alumnado de 5º Infantil e cantado polo alumnado de 6º de Infantil.

MURAIIS DE 1º CURSO



O alumnado de 1º curso traballou a fauna dos montes do noso concello, buscaron información e quedou reflectida en varios murais que expuxeron para presentarllos aos seus compañeiros.



COLECCIÓN DAS ÁRBORES DE 2º

O alumnado de 2º de Primaria preparou unha serie de murais e presentacións sobre árbores dos nosos montes que recolleron en cinco vídeos.

O RELEVO DE VIVEIRO (3º e 4º curso)

O alumnado de 3º e 4º curso en relación co proxecto "AO ABEIRO DOS NOSOS MONTES" fixeron un traballo sobre o relevo e as celebracións nos montes de Viveiro.

Comezaron localizando e poñendo nomes ás "quinze colinas" que rodean o Concello de Viveiro. Foi un traballo documental moi importante. Con todo o material elaboraron un pequeno libro con moita información. Logo fixeron un gran mural situando todos os montes e que complementaron cunha explicación moi ampla recollida nun vídeo.



9 RAZÓNS PARA PLANTAR UNHA ÁRBORE

O alumnado de 4º de Primaria realizou un mural que recolle as 9 razóns para plantar unha árbore e como complemento a este traballo realizaron un vídeo de presentación do mesmo.

POLO NADAL

Este curso, con motivo do proxecto sobre os nosos montes, realizamos os noso "Beléns" con figuras feitas con madeiras, paus, follas, cortizas, froitos (noces, castañas, abelás, landras...). Baixo o cobixo do Monte San Roque.



POLO ENTROIDO

O venres, 1 de marzo, celebramos a nosa tradicional festa de Entroido coa temática do Proxecto Voz Natura "Ao abeiro dos nosos montes".

- Desfile polas rúas do Chao con disfraces relacionados co mundo dos bosques e montes: flora e fauna galega ou personaxes fantásticos (fadas, trasnos, santa compañía, ananos, bruxas...), tamén houbo leñadores e corredoras da CAMOVI.

NO DÍA DA ÁRBORE E DA POESÍA

f.- RECURSOS UTILIZADOS

Utilizamos recursos bibliográficos da biblioteca escolar que expuxemos para ter un acceso máis rápido, e sobre todo visualización de vídeos e presentacións en formato papel, dixital, DVD,s.

Ademais a biblioteca elaborou materiais sobre o tema, de animación á lectura, de formación de usuarios e de educación documental.

Cabe salientar a implicación das aulas de Lingua Inglesa, de Música e de Educación Física na elaboración e realización de moitas actividades.

g.- IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Para a realización deste proxecto anual implicouse a totalidade do profesorado, todo o alumnado dos diferentes cursos, as familias, o persoal non docente e tamén recibimos axuda da ANPA e do Concello de Viveiro.

Os equipos de Biblioteca e Dinamización da Lingua Galega, xunto co equipo TIC e Actividades Complementarias e Extraescolares, nas que tamén participaron as especialidades de Educación Física, Educación Musical e Lingua Inglesa, estiveron en todo momento coordinados o que fixo que todas e cada unha das actividades levadas a cabo fosen positivas.

h.- DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

A difusión dos traballos levouse a cabo no propio centro: murais, vídeos, traballos informativos...

Todos os traballos foron publicados no blog [Bibliosoños](#) e nas [Páxinas Sites](#) do Proxecto; os vídeos elaborados están agrupados en listas de reprodución específicos dentro do noso [canal de Youtube](#).

i.-AVALIACIÓN. PROCEDEMENTOS UTILIZADOS

Comezamos avaliando os fondos documentais existentes na Biblioteca para ver si eran axeitados e buscamos novos fondos que contribuíran ás nosas necesidades. Asemade fixemos unha exploración polos coñecementos previos do alumnado e fomos conscientes das carencias polo que ese aspecto motivounos aínda máis para abordar o proxecto.

Fixemos unha Avaliación Continua durante todo o proxecto e vendo como se desenvolvían todas e cada unha das actividades. Nas reunións de equipos e globais valoramos si se estaban acadando os obxectivos propostos.

Ao finalizar o curso e con el o proxecto, en reunión de Claustro, fixemos unha Avaliación Final e comprobamos que o resultado foi moi positivo tanto para o alumnado coma para o profesorado.

APORTACIÓNS ÁS CCBB

Competencia lingüística:

- Crear entusiasmo pola lectura e a escritura.
- Aprender vocabularios específicos.
- Recoñecer as características do texto instrutivo, o texto electrónico, a descrición, o resumo, a narración e a exposición oral como xéneros textuais.
- Elaborar textos.
- Ampliar o vocabulario.

Competencia matemática:

- Construír liñas temporais.
- Usar de modo eficaz as medidas de lonxitude

Competencia dixital:

- Utilizar un procesador de textos.
- Crear carpetas
- Gardar documentos.
- Facer uso de navegadores en internet.
- Capturar imaxes e inserilas respectando a ética das publicación.

Competencia no tratamento da información:

- Aprender a realizar procuras eficaces.
- Localizar a información precisa.
- Seleccionar os documentos.
- Presentar a información en diferentes formatos.

Competencia para aprender a aprender:

- Saber transformar a información en coñecementos.
- Adquirir o gusto por aprender.
- Recoñecer as diferentes fontes de información e aprender a usalar segundo as necesidades.

Competencia para a conciencia e expresións culturais:

- Aprender a valorar a diversidade cultural.

j.-FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

Dende a Biblioteca planificouse o proxecto e organizáronse as diferentes actividades, facilitáronse os recursos e fondos, preparáronse materiais e buscamos asesoramento.

Divulgamos todas as actividades a través do Blog, das Páxinas Sites e o Canal de Youtube.

Na propia Biblioteca fixemos sesións de educación documental, presentacións de traballos de investigación e visualización de documentais.

Podemos concluír dicindo que a Biblioteca somos todo o equipo de profesoras e profesores que compoñen o Claustro do CEIP de Celeiro pois con ela tamén traballan coordinadamente todos os equipos docentes do centro.

Celeiro, 26 de xuño de 2019

A Directora



Rita Lamas Álvarez

A coordinadora da Biblioteca



Marta Pérez Lage

